



A Historia no Medio

unha análise da Historia nos medios de comunicación

palestras+mesas redondas

Luns 07/05

16.15 h- 16.30 h- Apertura

16.30- 16.45 h- *Errar es inevitable. La independencia de la redacción y nuestra dependencia del público.* Introducción a cargo de Jaime Almansa

16.45- 17.00 h- *Arqueoloxía e comunicación: no medio sen remedio e con moito medo.* Introducción a cargo de Xurxo Ayán.

17.00- 17.15 h- *Da ruina a filmina: un achegamento aos recursos audiovisuais na difusión do patrimonio galego.*

Introdución a cargo de Abraham Herrero Menor

17.15- 17.30 h- *Recursos e Discursos: retos da construción do relato científico e da Historia nos novos medios de comunicación.* Introducción a cargo de Manuel Gago Mariño

17.30- 18.00 h- Pausa

18.00- 18.15 h- *Pasado, discurso e sociedade nos medios de masas* Apertura da mesa redonda.

18.15- 20.30 h- Mesa Redonda. Modera: Beatriz Comendador

Martes 08/05

16.30- 16.45 h- *De la Historia por venir. Redes sociales y meta-relatos polifónicos, retos histórico-bio-gráficos.* Introducción a cargo de Mario Ortiz.

16.45- 17.00 h- *A Galipedia como medio para achegarse á historia.* Introducción a cargo de Adrián Estévez.

17.00- 17.15 h- *Diario de un médico de guardia: A experiencia dum blog.* Introducción a cargo de David Simón Lorda

17.15- 17.30 h- 17.15- 17.30 h- *A visión e o tratamento da temática histórica no xornalismo.* Introducción a cargo de Xurxo Salgado.

17.30- 18.00 h- Pausa

18.00- 18.15 h- Apertura da mesa redonda.

18.15- 20.30 h- Mesa Redonda. *A Historia en Construción: Xornalismo e Historia Actual.* Modera: Laura Novelle

Mesa redonda: Pasado, discurso e sociedade nos medios de masas

En pleno século XXI, a Historia “está no medio” cando botamos unha ollada aos medios de comunicación. Este ciclo de xornadas xurde para crear un espazo onde analizar e debater a conexión da Historia con outras disciplinas, facer visible o papel do historiador no mundo actual e a configuración social dos discursos sobre o pasado como construción colectiva. O papel das novas tecnoloxías é crucial na construción do discurso histórico, da realidade social e o seu impacto sobre a sociedade. As accións no ciberespacio están facendo mutar mesmo, o valor do patrimonio tanxible, polo que é fundamental valorar as ferramentas de transferencia de coñecemento e o protagonismo da cidadanía, non só como simple receptor, senón no propio proceso de construción do mesmo e na salvagarda do seu legado patrimonial. É momento fundamental tamén para tratar de evidenciar as metodoloxías da Historia e o debate sobre os criterios de cientificidade.

Mesa redonda: A Historia en Construción: Xornalismo e Historia Actual

Dende que a Historia se configurou como disciplina autónoma no século XIX, a influencia positivista ligouna indisolublemente á noción de pasado. A propia historiografía xirou ao redor da idea de que só unha certa distancia cronolóxica permitía a súa existencia científica. Así, a noción de *presente* estaba automaticamente vetada aos historiadores, o que converte calquera proposta de historiar ese período en algo anovador e sorprendente. A Historia e o Presente teñen estado intimamente unidos, aínda que nunca ata estes últimos anos existiu unha tentativa de institucionalizar unha vertente historiográfica articulada, sentida e abordada de xeito colectivo por profesionais de distintas disciplinas ao redor da idea do Presente. A “aceleración histórica” consubstancial aos cambios do mundo actual é percibida como vivencia pola cidadanía, convertida tamén en suxeito histórico. Hoxe máis ca nunca, a Historia é unha “ciencia en construción” que ten ante si o desafío de formar novos profesionais capaces de integrar a subxectividade (memoria) e as novas fontes (audiovisuais, electrónicas) nun discurso histórico coherente.

Universidade de Vigo



unha análise da Historia nos medios de comunicación

Mesa redonda: Pasado, discurso e sociedade nos medios de masas

Luns 07/05

Salón de Graos, Facultade de Historia de Ourense (Edificio de Ferro)

Inscripción gratuita: ahistorianomedio@gmail.com
<http://www.facebook.com/facultadehistoriaourense>
Retransmisión en directo: <http://tv.uvigo.es/>

Universidade de Vigo

1 Jaime Almansa Sánchez

Errar es inevitable. La independencia de la redacción y nuestra dependencia del público.

El modo de funcionamiento de una redacción en un medio de masas es completamente independiente. No se puede intervenir en el proceso de redacción salvo rarísimas excepciones. Por ello, lo que un periodista considera correcto, será lo correcto. Desde siempre, nos hemos quejado de su labor, no sin razón. El problema, sin embargo reside en las dinámicas de divulgación que no hemos fomentado. El imaginario colectivo con respecto a la arqueología está más cerca del misterio y la aventura que de la realidad y ese es el que marca una noticia... sobre todo por su atractivo. ¿Qué pasaría si un periodista confundiese a Messi con Cristiano? Sería impensable desde el punto de vista profesional y social. Incluso para periodismo científico, existen grupos de trabajo y control. Pero la arqueología es un error asumible, un error inevitable. Una gran parte de la culpa es, sin embargo, nuestra. Reflexionar sobre los medios y nuestra dependencia del público nos debe llevar a ser conscientes de esa necesidad, inevitable también, por retomar el control de nuestra presencia pública y dignificar la imagen de nuestra profesión desde la participación.

Jaime Almansa (Madrid, 1983). Licenciado en Historia por la Universidad Complutense de Madrid, con MA en Arqueología Pública por el University College London e intentando sacar tiempo para terminan un doctorado en gestión del patrimonio, funda JAS Arqueología SLU en 2010 para tratar de darle un sentido comercial a sus proyectos académicos. Desde entonces se desenvuelve en un ambiente polifacético desde la editorial, tanto de libros como de publicaciones periódicas (AP: Online Journal in Public Archaeology), hasta la cooperación internacional sobre patrimonio en Etiopía. Entre sus proyectos actuales destaca CONOB, una plataforma de formación alternativa para arqueólogos que acaba de echar a andar. En investigación, el programa en Arqueología Pública que desarrolla desde la empresa, centrado en los últimos meses en el impacto económico y social de la arqueología, con temas como el colonialismo, la innovación, los medios de comunicación y la cultura popular contemporánea. Participa en decenas de perfiles sociales, entre ellos, publicarchaeology.blogspot.com y pasadoreciclado.blogspot.com

2 Xurxo Ayán

Arqueoloxía e comunicación: no medio sen remedio e con moito medo.

Os trasacordos, equívocos e tensións entre unha disciplina científica e a lóxica xornalística. Para nós este diálogo de xordos obedece a intereses corporativistas máis ca unha análise sosegada das reais demandas de información por parte de amplos sectores da sociedade. A través da nosa experiencia sintetizaremos as actitudes máis comúns de xornalistas, arqueólogos e comunidades locais.

Xurxo M. Ayán Vila (Lugo, 1976) é doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e arqueólogo do Instituto de Ciencias do Patrimonio de Santiago de Compostela (CSIC). Especialista en Idade do Ferro do NW ten dirixido e codirixido varios proxectos de posta en valor de castros galegos como Punta dos Prados, Castrolandín, Neixón ou A Lanzada. Nos últimos anos desenvolve liñas de traballo en Arqueoloxía do Pasado Contemporáneo, Etnoarqueoloxía e Arqueoloxía Pública. Membro da Asociación Galega de Comunicación Científica. Participa como investigador en proxectos internacionais en Guinea Ecuatorial e Etiopía, así como no proxecto europeo Archaeology in Contemporary Europe. Edita o blogue www.neixon.blogspot.com e colabora co portal LG3 do Consello da Cultura Galega, o Xornal Certo e Galicia Confidencial. Director do proxecto arqueolóxico dos castros de Neixón (2003-2008) e responsable de comunicación do proxecto arqueolóxico de A Lanzada (2010). Co xornalista Manuel Gago vén de publicar en 2.0 editora Herdeiros pola forza. Patrimonio Cultural, poder e sociedade na Galicia do século XXI.

Mesa redonda: Pasado, discurso e sociedade nos medios de masas

3 Abraham Herrero Menor

Da ruína a filmina: un achegamento aos recursos audiovisuais na difusión do patrimonio galego.

En xeral, os audiovisuais preséntanse como unha vía óptima para transferir o coñecemento histórico dentro dos recursos dispoñibles na elaboración de discursos expositivos. Porén, á hora de elaborar os pregos de condicións dos concursos para a elaboración destes audiovisuais, por parte das administracións ás veces priman factores como a espectacularidade das imaxes sobre outros aspectos que, de feito, son máis importantes, como é o discurso histórico. Así mesmo, boa parte dos audiovisuais levan á reflexión sobre cal é o poder de decisión, o control, das e dos asesores, posto que semella que, no canto de seren os arquitectos do xa referido discurso, simplemente responderon a unha serie de preguntas formuladas coa clara intención de cumprir co sinalado no prego de condicións, polo que o discurso do audiovisual xa está construído antes da súa entrada en escena. En xeral recórrase moi pouco ao conceptual, nun intento de fornecer todo o discurso xa dixerido, e percibimos un claro abuso da voz como herdanza do modelo típico dun documental.

É un documental o formato máis axeitado no contexto dun centro interpretativo?

Abraham Herrero Menor (Allariz, 1983) licenciado en Historia en 2010, realizou o máster en Historia, Patrimonio e Recursos Patrimoniais da Facultade de Historia de Ourense, co traballo de fin de máster “Un achegamento ao emprego dos recursos audiovisuais na interpretación do patrimonio arqueolóxico galego”. Guía da fundación Vicente Risco e do Museo do Xoguete de Allariz entre 2001 e 2012. Guía Turístico a través de Reatur (Turismo Municipal Allariz). Participou na equipa do Proxecto Urdiñeira da Universidade de Vigo urdinheira.blogspot.com, e nas escavacións de El Castillón (Zamora). Nas súas múltiples actividades como activista cultural, participou na Recreación do Xuízo a Romasanta realizada pola Fundación Vicente Risco. Actualmente é Técnico de Inserción Laboral en Aspana Termal SLU, e como investigador do GEAAT, realiza a súa tese de doutoramento “Arqueoloxía, discurso e sociedade: a transferencia do coñecemento histórico” na Uvigo.

4 Manuel Gago Mariño

Recursos e Discursos: retos da construción do relato científico e da Historia nos novos medios de comunicación.

As velozes dinámicas de transformación no sector da comunicación (a converxencia de soportes, o auxe dos medios temáticos, as redes de usuarios proactivos, os novos prescriptores, o nacemento de novos formatos) están a crebar o modelo tradicional de divulgación científica no ámbito da Historia. Esta presentación quere introducir no debate os desafíos, vantaxes e dificultades do novo escenario.

*Manuel Gago Mariño (Palmeira, Ribeira, 1976) é doutor en CC. da Información pola Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade, é director de culturagalega.org, o portal de divulgación cultural do Consello da Cultura Galega e profesor asociado na Facultade de CC. da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, formando aos novos xornalistas na especialidade de ciberxornalismo. No ámbito de divulgación cultural, Gago foi comisario en 2010 da exposición Ao pé do Lar <<http://www.aopedolar.org/>>, promovida para o Fórum Gastronómico en Santiago. Gago desempeña actividades de difusión no ámbito arqueolóxico, en proxectos coma o poboado da Lanzada (LaPA - Deputación de Pontevedra) ou do sitio arqueolóxico de Pena Furada. No 2011 fundou patrimoniogalego.net <<http://www.patrimoniogalego.net/>>, a rede social do patrimonio cultural de Galicia. En 2012 publicou, canda o arqueólogo Xurxo Ayán, o ensaio *Herdeiros pola forza. Patrimonio cultural, poder e sociedade na Galicia do século XXI* (2.0 Editora). É editor de Capítulo Cero (www.capitulocero.org).*

Mesa redonda: Pasado, discurso e sociedade nos medios de masas

5 Beatriz Comendador Rey

Pasado, discurso e sociedade nos medios de masas

En pleno século XXI, a Historia “está no medio” cando botamos unha ollada aos medios de comunicación. Este ciclo de xornadas xurde para crear un espazo onde analizar e debater a conexión da Historia con outras disciplinas, facer visible o papel do historiador no mundo actual e a configuración social dos discursos sobre o pasado como construción colectiva.

O papel das novas tecnoloxías é crucial na construción do discurso histórico, da realidade social e o seu impacto sobre a sociedade. As accións no ciberespacio están facendo mutar mesmo, o valor do patrimonio taxible, polo que é fundamental valorar as ferramentas de transferencia de coñecemento e o protagonismo da cidadanía, non só como simple receptor, senón no propio proceso de construción do mesmo e na salvagarda do seu legado patrimonial.

É momento fundamental tamén para tratar de evidenciar as metodoloxías da Historia e o debate sobre os criterios de cientificidade.

Beatriz Comendador Rey (Vilagarcía de Arousa, 1967), arqueóloga e doutora en Xeografía e Historia (1997), é profesora contratada doutora na Área de Prehistoria da Universidade de Vigo (2010), membro de Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAAT), e decana da Facultade de Historia de Ourense (2011). Foi bolseira de catalogación e inventario de fondos de museos da Xunta de Galicia, e do Concello de A Coruña entre 1998-2001. Arqueóloga do Proxecto Artabria, para a recuperación e posta en valor do xacemento arqueolóxico Castro de Elviña (A Coruña) do concello de Coruña entre 2002 e 2004. Entre 2005 a 2010, foi profesora Asociada a tempo parcial na Facultade de Historia de Ourense, participando en diversas actuacións patrimoniais de investigación e difusión con diferentes empresas de arqueoloxía. Participa en diversos proxectos como o Urdiñeira urdiñeira.blogspot.com e San Vitor de Barxacova sanvitordebarxacova.wordpress.com/. Autora de diversas publicacións e de varios blogs de contido divulgativo ou de reflexión sobre a presenza da arqueoloxía e o pasado na sociedade actual pasadoreciclado.blogspot.com



Mesa redonda: A Historia en Construción: Xornalismo e Historia Actual

Martes 08/05

Salón de Graos, Facultade de Historia de Ourense (Edificio de Ferro)

Inscripción gratuita: ahistorianomedio@gmail.com
<http://www.facebook.com/facultadehistoriaourense>
Retransmisión en directo: <http://tv.uvigo.es/>

Universidade de Vigo

1 Mario Ortiz

De la Historia por venir. Redes sociales y meta-relatos polifónicos, retos histórico-bio-gráficos.

Mario Ortiz, Humanista y docente por la Universidad Nacional Autónoma de México, historiador y profesor invitado por la Universidad de Vigo, y antropólogo por la Universidad Nacional de Educación a distancia; donde se desempeña como tutor presencial y virtual. Ciber-activista en la Red_Democracia Real Ya, administrador del perfil DRY_Ourense y militante intermitente tanto de Asamblea Abierta Ourense como de Estudiantes sen Futuro.

2 Adrián Estévez

A Galipedia como medio para achegarse á Historia.

Nesta presentación presenta a súa experiencia como usuario activo da wiki, e como estudante. Falará do feedback bidireccional que se crea e da necesidade existente na wiki de referenciar os artigos en base a outras publicacións, xa que non é unha referencia en si mesma.

Adrián Estévez (Pontevedra, 1983). Fixo un ciclo superior de Artes Gráficas e na actualidade estuda Maxisterio de Primaria na Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra. É colaborador asiduo da Galipedia desde mediados de 2007, e administrador da mesma desde febreiro de 2011. Como fotógrafo autodidacta, publica as súas imaxes baixo licenza Creative Commons.

Martes 08/05

3 David Simón Lorda

Diario de un médico de guardia: A experiencia dun blog.

Hacia una Historia de la Medicina (History) desde historias locales (stories) de la sanidad y la sociedad ourensana(Ourense-Galicia-España)

[.diariodeunmedicodeguardia.blogspot.com.es/](http://diariodeunmedicodeguardia.blogspot.com.es/)

David Simón Lorda (Zaragoza, 1963). Doctor en Medicina y MIR en Psiquiatría por la Universidad de Santiago. Desde 1994 ha ejercido como médico psiquiatra en el Complejo Hospitalario de Ourense. Investigador de la historia social de la medicina y de la psiquiatría en Galicia. Recibió el "Premio Cabaleiro Goás" del Colegio de Médicos de Ourense en la edición del año 2000 por el trabajo que fue la base de la monografía "Médicos ourensanos represaliados na Guerra Civil e na posguerra. Historias da longa noite de pedra" de la cual ya se han hecho dos ediciones (Fundación 10 de Marzo, 2002 y 2010). Colabora regularmente con medios de comunicación locales en trabajos de difusión sobre la historia social de la medicina en Ourense. Desde verano de 2009 mantiene el blog "Diario de un médico de guardia", donde vuelca sus inquietudes.

Mesa redonda: A Historia en Construción: Xornalismo e Historia Actual

4 Xurxo Salgado

A visión e o tratamento da temática histórica no xornalismo.

Xurxo Salgado (1976, Tomiño) licenciado en Ciencias da Comunicación, cursa a Licenciatura de Historia da que xa rematou o primeiro ciclo. Durante os cursos predoutorais especializouse en Historia do Xornalismo e presentou varios estudos e ponencias sobre a prensa galega na Guerra de Cuba e a vida xornalística de Manuel Curros Enríquez.

Na súa vida laboral ten tocado todos os campos da comunicación.: prensa, radio, televisión, medios on-line. Coordinou a comunicación interna de varias organizacións e foi Community Manager en varios eventos. Dirixiu diferentes xornais dixitais e coordinou a distintos grupos. Revista económica ECO, Televisión de Galicia, Atlántico Diario, Estrella Digital, A Nosa Terra, Europa Press e Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Colaborador na Radio Galega e Radio Euskadi, en El Correo Gallego e no diario Público así como en Correo TV. Director de comunicación e marketing na empresa de videoxogos Smallwonders. Participa en varias ONG. Coa Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) estivo en Centroamérica realizando un documental sobre pesca artesanal, e tamén se encargou da comunicación de Intermon-Oxfam Santiago. Actualmente é o director do xornal dixital Galicia Confidencial, mantén un espazo semanal en Radiofusión e tamén é correspondente de El Mundo en Galicia.

5 Laura Novelle

Mañá empeza hoxe: Historia Actual

Dende que a Historia se configurou como disciplina autónoma no século XIX, a influencia positivista ligouna indisolublemente á noción de pasado. A propia historiografía xirou ao redor da idea de que só unha certa distancia cronolóxica permitía a súa existencia científica. Así, a noción de *presente* estaba automaticamente vetada aos historiadores, o que converte calquera proposta de historiar ese período en algo anovador e sorprendente.

A Historia e o Presente teñen estado intimamente unidos, aínda que nunca ata estes últimos anos existiu unha tentativa de institucionalizar unha vertente historiográfica articulada, sentida e abordada de xeito colectivo por profesionais de distintas disciplinas ao redor da idea do Presente.

A “aceleración histórica” consubstancial aos cambios do mundo actual é percibida como vivencia pola cidadanía, convertida tamén en suxeito histórico. Hoxe máis ca nunca, a Historia é unha “ciencia en construción” que ten ante si o desafío de formar novos profesionais capaces de integrar a subxectividade (memoria) e as novas fontes (audiovisuais, electrónicas) nun discurso histórico coherente. Facer realidade, en suma, as palabras de Lucien Febvre: *“Para facer historia, volve de costas resoltamente ao pasado, vivide primeiro. Mesturádevos coa vida (...). Sede xeógrafos, historiadores. E tamén xuristas, e sociólogos, e psicólogos; non hai que pechar os ollos ante o gran movemento que transforma as ciencias do universo físico a unha velocidade vertixinosa”*.

Laura Novelle López (O Carballiño, 1978). Licenciada en Historia (2002) e Diploma de Estudos Avanzados en Historia Contemporánea (2004) pola Universidade de Vigo. Así mesmo, é Especialista en Organización e Xestión da Información Documental pola Universitat Jaume I (2011). Profesionalmente, exerceu como documentalista, xestora cultural, asesora técnica de proxectos museográficos e profesora contratada na Universidade de Vigo.

Ten impartido conferencias en diversas institucións de España e Portugal. É autora dunha dúzia de artigos e comunicacións a congresos de ámbito nacional e internacional. Actualmente forma parte do equipo que leva adiante o proxecto de investigación Disidencia, consenso y actitudes sociales durante el franquismo. Galicia, 1940-1953, dirixido por Julio Prada, mentres continúa a súa tese de doutoramento na Universidade de Vigo.